





# Ruta de Santa Comba





## DESCRIPCIÓN DA RUTA

Este é outro sendeiro con moito encanto que leva pouco tempo, permite admirar moi de cerca a forza do mar no seu traballo erosivo sobre os cantís. Trátase dun camiño que se inicia dende a fonte de acceso á Praia de Santa Comba e que nos leva, a través dunhas escaleiriñas ata a pequena praia que queda entre os illotes (soamente é accesible en marea baixa), vendo dende abaixo os cantís que franquean a illa de Santa Comba. Subimos á illa polas escaleiriñas e unha vez arriba diriximonos cara a pequena ermida románica del s XII, restaurada fai pouco, e podemos continua-la volta á illa coidando de que a marea non volva a subir mentres estamos nela ata as mesmas escaleiras. É un camiño moi fácil e que permite observar de cerca os cantís, xogar coa marea e vela ermida.